

ANUNCIO POLO QUE SE FAI PÚBLICA A INSTRUCCIÓN INTERNA POLA QUE SE FIXAN OS CRITERIOS DAS COMISIÓNS DE SELECCIÓN NA BAREMACIÓN DE MÉRITOS, ASÍ COMO NOUTRAS CUESTIÓNS DO PROCESO SELECTIVO, POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, PARA A COBERTURA DE CATRO POSTOS DE ARQUITECTOS/AS, DOUS DE TÉCNICOS/AS XURÍDICOS/AS E DOUS DE ADMINISTRATIVOS/AS, COMO PERSOAL LABORAL FIXO DE SOCIEDADE DE VIVENDA PÚBLICA DE GALICIA, S.A. (VIPUGAL)

Por acordo das respectivas Comisións de Selección, do proceso selectivo arriba indicado, en sesións celebradas en data 13 de novembro de 2025, fixáronse os criterios a ter en conta na baremación de méritos, así como noutras cuestións do proceso selectivo, a fin de aclarar dúbidas e fixar criterios homoxéneos na interpretación das Bases que rexen o proceso selectivo.

Transcríbense a continuación o contido da Instrución aprobada polas respectivas Comisións de Selección:

#### I.- Baremación de méritos do posto de Arquitecto (Apartado B.2.2.1 das Bases)

#### 1.- Expediente académico:

Para poder baremar adecuadamente este apartado, deberá resultar acreditada a nota media do expediente académico e, de selo caso, a equivalencia desa nota á nota que corresponda nunha escala de 0 a 10 ou equivalente, certificada oficialmente, conforme ao previsto na Resolución de 15 de setembro de 2011 (DOG 30.09.2011), da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se dispón a publicación do protocolo de colaboración subscrito entre a Consellería e as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo para a valoración dos expedientes académicos, que establece criterios homoxéneos para as valoracións e o cálculo da nota media, de acordo co establecido no Real Decreto 1125/2003.

Os criterios para baremar o expediente académico serán os seguintes:

 Puntuación máxima prevista nas bases: 2 puntos. Outorgarase esta puntuación aos aspirantes que acrediten una nota media de 10 ou equivalente. • As puntuacións correspondentes a notas medias inferiores valorarase proporcionalmente ao baremo de cualificación do apartado anterior.

## 2.- Baremación de Másters universitarios oficiais adicionais ao esixido na convocatoria

 Nese apartado valoraranse os masters que correspondan conforme ao previsto nas Bases da convocatoria. En ningún caso se valorarán como mérito os másters habilitantes para o exercicio da profesión que da acceso á convocatoria, se fose o caso.

#### 3.- Outra formación oficial relacionada co posto:

A valoración prevista nas bases para este apartado (formación relacionada co posto de máis de 100 horas) é de 1 punto por cada 100 horas, ata un máximo de 3 puntos.

Os criterios de baremación deste apartado serán os sequintes:

- Só se valorarán os cursos ou outras modalidades de formación que teñan una duración de máis de 100 horas. Nos cursos que pasen de 100 horas e non cheguen a 200 horas, as horas que excedan de 100 valoraranse proporcionalmente ás horas correspondentes, co límite establecido nas Bases para este apartado. Considerarase 0,1 puntos por cada 10 horas a partir das 100 horas.
- Só se valorarán aqueles cursos ou outras modalidades de formación que, teñan relación coas funcións do posto obxecto da convocatoria previstas nas Bases da mesma e que sexan expedidos por institucións oficiais públicas habilitadas para impartir formación.

#### 4.- Acreditación de experiencia no seguimento de obras de edificacións:

A valoración prevista nas bases para este apartado é de 6 puntos/ano en edificacións residenciais e 4 puntos/ano en edificacións non residenciais, ata un máximo de 25 puntos.

- Só se valorarán os méritos deste apartado no caso de que se acredite o tempo de seguimento destas obras na forma indicada nas Bases (certificado de empresa), desempeñando algunha das seguintes funcións:
  - o 1.Proyectista ou Director de obra
  - o 2.Funcions de seguimento e control non integradas no apartado anterior.
- Para o caso de que coincidan na mesma persoa varias funcións de seguimento da mesma obra valoraranse todas elas como un único mérito.
- Para o caso de que tivese participación en varias obras distintas, de xeito simultáneo, poderán valorarse como obras independentes en proporción ao

tempo de duración do traballo en cada obra, co límite establecido nas Bases para este apartado.

- Nunha mesma obra, só poderá ser valorada a participación por un único concepto.
- Para o caso de técnicos que desempeñasen funcións técnicas ou facultativas na obra que resulten dos certificados de fin de obra ou doutras certificacións, a Comisión de Selección poderá valorar este mérito sempre que dos mencionados certificados se acredite de xeito indubitado o tempo no que o técnico desempeñou esas funcións.
- O tempo destes traballos que supere 1 ano-de duración e non chegue a 2 anos, valorarse en proporción a súa duración, prorrateado por meses completos (períodos de 30 días), e así sucesivamente, co límite establecido nas bases para este apartado.

# 5.- Acreditación da experiencia na elaboración, confección, supervisión e tramitación urbanística de proxectos de edificación:

A valoración prevista nas bases para este apartado é de 4 puntos/ano en edificacións residenciais e 2,5 puntos/ano en edificacións non residenciais, ata un máximo de 25 puntos.

- Só se valorarán os méritos deste apartado no caso de que se acredite o tempo de duración destes traballos na forma indicada nas bases (certificados de empresa ou de colexios profesionais).
- Para o caso de que coincidan na mesma persoa varias funcións no mesmo proxecto valoraranse todas elas como un único mérito.
- Para o caso de que tivese participación en varios proxectos, de xeito simultáneo, poderán valorarse como proxectos independentes en proporción ao tempo de duración do traballo en cada proxecto, co límite establecido nas Bases para este apartado.
- Para o caso de que o aspirante tivese prestado os seus servizos nos traballos indicados neste apartado, como persoal externo da empresa na que desenvolvía os citados traballos, só se valorará como mérito neste apartado cando acreditase a contratación deses servizos pola empresa promotora dos traballos, e o tempo de duración dos mesmos.
- Só se valorará neste apartado a experiencia nalgunha ou algunhas das tarefas antes indicadas, xa sexan na empresa privada ou en Administracións públicas, organismos ou entidades públicas.

• O tempo destes traballos que supere 1 ano de duración, valorarse en proporción a súa duración, prorrateado por meses completos (períodos de 30 dias)e así sucesivamente, co límite establecido nas bases para este apartado.

# 6.- Acreditación da experiencia na elaboración, confección, supervisión e tramitación urbanística de proxectos e plans de ordenación e xestión urbanística ou territorial

A valoración prevista nas bases para este apartado é de 4 puntos/ano en edificacións residenciais e 2,5 puntos/ano en edificacións non residenciais, ata un máximo de 20 puntos.

- Só se valorarán os méritos deste apartado no caso de que se acredite o tempo de duración destes traballos e a súa participación nos proxectos ou plans correspondentes na forma indicada no prego (certificados de empresa ou de colexios profesionais)
- Para o caso de que coincidan na mesma persoa varias funcións no mesmo proxecto ou plan, valoraranse todas elas como un único mérito.
- Para o caso de que tivese participación en varios proxectos ou plans, de xeito simultáneo, poderán valorarse como proxectos independentes.
- Para o caso de que o aspirante tivese prestado os seus servizos nos traballos indicados neste apartado, como persoal externo da empresa na que desenvolvía os citados traballos, só se valorará como mérito neste apartado cando acreditase a contratación deses servizos pola empresa promotora dos traballos, e o tempo de duración dos mesmos.
- Só se valorará neste apartado a experiencia nalgunha ou algunhas das tarefas antes, xa sexan na empresa privada ou en Administracións públicas, organismos ou entidades públicas.
- O tempo destes traballos que supere 1 ano de duración valorarse en proporción a súa duración, prorrateado por meses completos( períodos de 30 dias), e así sucesivamente, co límite establecido nas bases para este apartado.

#### 7.- Acreditación certificado cursos metodoloxía BIM.

- Só se valorarán os cursos ou outras modalidades de formación que teñan una duración mínima de 100 horas no entorno das tres modalidades conxuntas de arquitectura, instalacións e estruturas.
- Só se valorarán os cursos ou outras modalidades de formación que teñan una duración mínima de 100 horas nas modalidades arquitectura, instalacións ou estruturas. No caso dos cursos que pasen das 100 horas e non cheguen a 200 horas, as horas que excedan de 100 valoraranse proporcionalmente, ata o

limite recollido nas bases para este apartado. Considerarase 0,25 puntos por cada 10 horas a partir das 100 horas ata o máximo da puntuación.

# 8.- Acreditacións formación relacionada co manexo de programas de debuxo no entorno 3D (Revit ou similar) aplicado a metodoloxía BIM.

 Só se valorarán os cursos ou outras modalidades de formación que teñan una duración mínima de 60 horas. No caso dos cursos que pasen de 60 horas e non cheguen a 120 horas, as horas que excedan de 60 valoraranse proporcionalmente ás horas correspondentes, co límite establecido nas bases para este apartado. Considerarase 0,4 puntos por cada 10 horas a partir das 60 horas.

9.-Acreditación formación relacionada co manexo de programas de debuxo tipo autocad, paquete office, programas de medición e presupostas, así como programas de cálculo de estruturas.

• Só se valorarán os cursos ou outras modalidades de formación que teñan una duración mínima de 100 horas. Os cursos que pasen de 100 horas e non cheguen a 200 horas, as horas que excedan de 100 valoraranse proporcionalmente ás horas correspondentes, co límite establecido nas bases para este apartado. Considerarase 0,25 puntos por cada 10 horas a partir das 100horas,

# II.- Baremación de méritos do posto de Técnico Xurídico (Apartado B.2.2.2 das Bases)

#### 1.- Expediente académico:

Para poder baremar adecuadamente este apartado, deberá resultar acreditada a nota media do expediente académico e, de selo caso, a equivalencia desa nota á nota que corresponda nunha escala de 0 a 10 ou equivalente, certificada oficialmente, conforme ao previsto na Resolución de 15 de setembro de 2011 (DOG 30.09.2011), da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se dispón a publicación do protocolo de colaboración subscrito entre a Consellería e as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo para a valoración dos expedientes académicos, que establece criterios homoxéneos para as valoracións e o cálculo da nota media, de acordo co establecido no Real Decreto 1125/2003.

Os criterios para baremar o expediente académico serán os seguintes:

 Puntuación máxima prevista nas bases: 2 puntos. Outorgarase esta puntuación aos aspirantes que acrediten una nota media de 10 ou equivalente. • As puntuacións correspondentes a notas medias inferiores valorarase proporcionalmente ao baremo de cualificación do apartado anterior.

#### 2.- Baremación de Másters universitarios oficiais

 Nese apartado valoraranse os masters que correspondan conforme ao previsto nas Bases da convocatoria

### 3.- Outra formación oficial relacionada co posto

Os criterios de baremación deste apartado serán os sequintes:

- Só se valorarán os cursos ou outras modalidades de formación impartida por EGAP, INAP, AAPP, Universidades, Colexios Profesionais, que teñan una duración de máis de 100 horas. Nos cursos que pasen de 100 horas e non cheguen a 200 horas, as horas que excedan de 100 valoraranse proporcionalmente ás horas correspondentes, e así sucesivamente, co límite establecido nas bases para este apartado. Considerarase 0,1 puntos por cada 10 horas a partir das 100.
- Só se valorarán aqueles cursos ou outras modalidades de formación que, teñan relación coas funcións posto obxecto da convocatoria previstas nas Bases da mesma.

4.- Acreditación experiencia na redacción de proxectos de reparcelación, expropiación, levanza de secretarías de consellos de administración de sociedades anónimas, tramitación de expedientes de contratación pública, dirección letrada de asuntos xudiciais en materia civil e contencioso-administrativa.

A valoración prevista nas bases para este apartado é de 2 puntos/ano, ata un máximo de 35 puntos.

- Só se valorarán os méritos deste apartado no caso de que se acredite o tempo de duración destes traballos na forma indicada nas bases (certificados de empresa).
- Para o caso de que o aspirante tivese prestado os seus servizos nos traballos indicados neste apartado, como persoal externo da empresa na que desenvolvía os citados traballos, só se valorará como mérito neste apartado cando acreditase a contratación deses servizos pola empresa promotora dos traballos, e o tempo de duración dos mesmos.

- Só se valorará neste apartado a experiencia nalgunha ou algunhas das tarefas antes indicadas, xa sexan na empresa privada ou en Administracións públicas, organismos ou entidades públicas.
- O tempo destes traballos que supere 1 ano de duración, valorarse en proporción a súa duración, e así sucesivamente, prorrateado por meses completos (períodos de 30 dias), co límite establecido nas bases para este apartado.

### 5.- Acreditación experiencia como asesor xurídico:

A valoración prevista nas bases para este apartado é de 2 puntos/ano, ata un máximo de 35 puntos.

- Só se valorarán os méritos deste apartado no caso de que se acredite o tempo de duración do traballo como asesor xurídico na forma indicada nas bases (certificados de empresa máis vida laboral).
- Só se valorará neste apartado a experiencia en tarefas xurídicas,, xa sexan na empresa privada ou en Administracións públicas, organismos ou entidades públicas.
- Para o caso de que o aspirante tivese prestado os seus servizos nos traballos indicados neste apartado, como persoal externo da empresa na que desenvolvía os citados traballos, só se valorará como mérito neste apartado cando acreditase a contratación deses servizos pola empresa promotora dos traballos, e o tempo de duración dos mesmos.
- O tempo destes traballos que supere 1 ano de duración, valorarse en proporción a súa duración, e así sucesivamente, prorrateado por meses completos (períodos de 30 dias), co límite establecido nas bases para este apartado.

#### 6.- Acreditación coñecementos en Administración Pública dixital

 Só se valorarán os cursos ou outras modalidades de formación que teñan una duración mínima de 10 horas. Nos cursos que pasen de 10 horas e non cheguen a 20 horas, as horas que excedan de 10 valoraranse proporcionalmente ás horas correspondentes, e así sucesivamente, co límite establecido nas bases para este apartado. Considerarase 0,1 puntos por cada hora a partir de 10 horas.

### 7.- Acreditación de manexo do paquete office:

• Só se valorarán os cursos ou outras modalidades de formación que teñan una duración mínima de 50 horas. Nos cursos que pasen de 50 horas e non cheguen a 100 horas, as horas que excedan de 50 valoraranse proporcionalmente ás horas correspondentes, e así sucesivamente, co límite establecido nas

bases para este apartado. Considerarase 0,2 puntos por cada 10 horas a partir de 50 horas.

## IIi.- Baremación de méritos do posto de Administrativo (Apartado B.2.2.3 das Bases)

1.- Titulacións adicionais ao esixido na convocatoria: Técnico superior en asistencia á Dirección, Técnico superior en Administración e finanzas, Técnico superior en informática

 Neste apartado valoraranse as titulacións indicadas, sempre que se consideren adicionais ao título esixido para participar no proceso selectivo desta categoría que fora presentado polo aspirante coa súa solicitude como título esixido para este fin.

### 2.- Acreditación experiencia como oficial administrativo 1ª:

A valoración prevista nas bases para este apartado é de 2 puntos/ano, ata un máximo de 70 puntos.

- Só se valorarán os méritos deste apartado no caso de que se acredite o tempo de duración destes traballos na forma indicada nas bases (certificados de empresa máis vida laboral).
- Só se valorará neste apartado a experiencia como Oficial Administrativo de 1ª ou categoría equivalente, , xa sexa na empresa privada ou en Administracións públicas, organismos ou entidades públicas.
- O tempo destes traballos que supere 1 ano de duración, valorarse en proporción a súa duración, prorrateado por meses completos (períodos de 30 dias), co límite establecido nas bases para este apartado.

#### 3.- Acreditación coñecementos en Administración Pública:

 Só se valorarán os cursos ou outras modalidades de formación que teñan una duración mínima de 10 horas. Nos cursos que pasen de 10 horas e non cheguen a 20 horas, as horas que excedan de 10 valoraranse proporcionalmente ás horas correspondentes, e así sucesivamente, co límite establecido nas bases para este apartado. Considerarase 0,1 puntos por cada hora a partir de 10 horas

#### 4.- Acreditación do manexo do paquete office

 Só se valorarán os cursos ou outras modalidades de formación que teñan una duración mínima de 10 horas. Nos cursos que pasen de 10 horas e non cheguen a 20 horas, as horas que excedan de 10 valoraranse proporcionalmente ás horas correspondentes, e así sucesivamente, co límite establecido nas bases para este apartado. Considerarase 0,05 puntos por cada hora a partir de 10 horas.

En Santiago de Compostela a 14 de novembro de 2025.

Asdo. María Román Alonso

Secretaria das respectivas Comisións de Selección